

Ecosistema transfronteirizo de innovación colaborativa en saúde

A Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) conxuntamente coa área sanitaria de Vigo do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) forma parte do proxecto europeo transfronteirizo Innov4life, para o desenvolvemento e mellora das capacidades de investigación e innovación e a asimilación de tecnoloxías avanzadas cunha duración de 3 anos aproximadamente (ata setembro 2026).

O cambio demográfico é un reto social mundialmente recoñecido e ben documentado. Calcúlase que a elevada demanda de servizos e de asistencia sanitaria debida ao envellecemento da poboación, acompañado dunha elevada carga de enfermidades crónicas, incrementa o gasto sanitario e social. A Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal é especialmente vulnerable, cunhas taxas de envellecemento moi superiores á media europea.

Para afrontar este problema, é preciso establecer modelos de prestación de cuidados máis sustentables como parte dun proceso de Transformación Dixital coa consecuente mellora da eficacia, da accesibilidade e a resiliencia dos sistemas de asistencia sanitaria a través solucións para manter a saúde dos cidadáns, mesmo cando o acceso presencial á atención médica non se atope dispoñible, en especial en persoas que padecen algún tipo de dexeneración cognitiva ou quen coide destas persoas. Deste xeito, Innov4life centrase na cocreación, apoio ao desenvolvemento, validación e promoción de solucións dixitais innovadoras e disruptivas sendo este proxecto a primeira iniciativa de creación dunha rede transfronteiriza de Living Labs especializados en saúde dixital mediante servizos de validación de solucións dixitais centradas nas demencias e na dexeneración cognitiva.

Socios:

- Facultade de Farmácia (Universidade do Porto) - coordinador
- Área sanitaria de Vigo do Servizo Galego de Saúde (SERGAS)
- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)
- Universidade de Santiago de Compostela
- Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia (AFAGA Alzheimer)
- Santa Casa dá Misericórdia de Riba de Ave
- UPTEC Parque de Ciéncia e Tecnoloxía dá Universidade do Porto

Orzamento total: 1.563.283,90 EUR

Páxina web: www.up.pt/innov4life

SERGAS e ACIS participan na sesión de matchmaking da "Future Health Conference" organizada pola Universidade de Porto no marco do proxecto transfronteirizo Innov4life



Sanidade presenta a convocatoria de participación no Living Lab de Saúde de Vigo da rede LABSAÚDE



CONSTRUCCIÓN NOVO LIVING LAB DO HOSPITAL MEIXOEIRO DE VIGO

Noticia: A Xunta licita as obras do novo living lab do Hospital Meixoeiro de Vigo por un importe 164.750 euros

Portal de Contratos Públicos de Galicia

Memoria técnica para a implantación do living lab de saúde de Vigo no Hospital Meixoeiro da Rede de living labs de saúde de Galicia (LABSAÚDE)

NEWSLETTER

Vigo's Health Living Lab to host eight innovative health projects

Marzo 2024

Outubro 2024

Marzo 2025

Outubro 2025

PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS

A comprehensive analysis of digital health-focused Living Labs: innovative approaches to dementia

Co-Creation in the Development of Digital Therapeutics: A Narrative Review

A Scoping Review of Technology Acceptance Models and Theories for Sustainable Use in People With Dementia

Sanidade participa no obradoiro sobre reserva e resiliencia no deterioro cognitivo organizado pola Universidade de Santiago de Compostela no marco do proxecto Innov4life



Reunión do consorcio do proxecto para a creación dun living lab transfronteirizo Innov4life no Centro de Investigación para as Demencias CIDIFAD en Portugal



Reunión do consorcio do proxecto transfronteirizo Innov4life no marco do congreso "Future Health" celebrado en Porto (Portugal)



Presentación do proxecto INNOV4LIFE na Xornada de Portas Abertas na sede de AFAGA en Vigo



O Conselleiro de Sanidade participa no evento de lanzamento do proxecto Innov4life para a validación de solucións innovadoras dixitais e o establecemento dun Living Lab de Saúde entre Galicia e o Norte de Portugal



Sanidade participa na reunión de lanzamento do proxecto interrexional INNOV4LIFE

